



ENTROIDO CUNTIS 2022 DESFILE E CONCURSO DE DISFRACES

27 DE FEBREIRO ÁS 16:30H

- Prazo de inscrición: ata **25 de febreiro ás 13:00h.**
- **A inscrición entregárase no Rexistro ou por Sede Electrónica.**
- Saída do desfile ás 16:30h dende o lugar "Casas do Monte" (final da Rúa Bernardo Sagasta).
- As comparsas deberán estar formadas, como mínimo, por 20 persoas e os grupos entre 10 e 19 persoas.
- Cada participante ou agrupación só poderá inscribirse nunha categoría.
- As carrozas non se valorarán independentemente, senón como parte da comparsa, grupo, parella ou individual.
- Non se admite a presenza de animais no desfile.
- O xurado valorará música, coreografía, deseño, animación, confección, orixinalidade e simpatía.
- Non haberá acto de entrega de premios. As persoas gañadoras coñeceráanse a través da web e das redes sociais do Concello de Cuntis.
- Manterase en todo momento a distancia de seguridade (1,5m).

O USO DA MÁSCARA É OBRIGATORIO PARA PARTICIPANTES E PÚBLICO

COMPARSAS

- 1º PREMIO: 600€
- 2º PREMIO: 500€
- 3º PREMIO: 400€
- 4º PREMIO: 300€

PARELLAS

- 1º PREMIO: 110€
- 2º PREMIO: 80€
- 3º PREMIO: 65€
- 4º PREMIO: 50€

GRUPOS

- 1º PREMIO: 250€
- 2º PREMIO: 200€
- 3º PREMIO: 150€
- 4º PREMIO: 100€

INDIVIDUAL

- 1º PREMIO: 75€
- 2º PREMIO: 60€
- 3º PREMIO: 40€
- 4º PREMIO: 20€

BASES: www.concellodecuntis.org

Inscricións e máis info: 986 533 600 - 687 497 591

omix@concellodecuntis.es



Concello de Cuntis

CONCURSO DE ENTROIDO 27 DE FEBREIRO DE 2022

BASES

Primeiro.- OBXECTO

O obxectivo destas bases é regular o **Desfile e Concurso de Entroido** que se celebrará en Cuntis o **domingo 27 de febreiro** a partir das 16:30h.

Despois dun ano sen poder celebrar esta festa tan arraigada á nosa cultura, o Concello de Cuntis decide retomar neste 2022 a tradición, cumprindo con todas as esixencias da normativa sanitaria derivada do COVID – 19.

Segundo.- CATEGORÍAS

As persoas participantes poderán inscribirse, unicamente, nunha das seguintes categorías:

- **Comparsas**: deberán estar formadas por un mínimo de vinte persoas.
- **Grupos**: deberán estar formadas por un mínimo dez e un máximo de dezanove persoas.
- **Parellas**: deberán estar formadas por dúas persoas.
- **Individual**: unha única persoa.

Terceiro.- NORMAS E CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

- a) A inscrición nunha categoría distinta á que correspondería segundo o número de persoas participantes, podería ser motivo de expulsión do concurso.
- b) Cada participante ou agrupación só poderá inscribirse nunha categoría.
- c) As carrozas non se valorarán independentemente, senón como parte da comparsa, grupo, parella ou individual.
- d) O **uso de máscara é obrigatorio** en todo momento, tanto para participantes como para o público.
- e) As persoas participantes deberán respectar en todo momento a **distancia de 1,5m** entre elas e tamén co público.
- f) Non se admite a presenza de animais acompañando as comparsas, grupos, parellas ou individuais.



Concello de Cuntis

Cuarto.- PERCORRIDO

O desfile partirá ás catro e media da tarde do lugar “Casas do Monte” (situado ao final da Rúa Bernardo Sagasta) para continuar por: rúa Bernardo Sagasta - rúa do Balneario - rúa Presiña - Circunvalación Don Aurelio - rúa Pedro Campos - Pavillón Municipal.

Ao remate do desfile non poderá haber concentración de participantes nin de público.

As carrozas deberán entrar para o lugar de partida pola entrada ao campo de fútbol “As Canteiras”, situada na nacional N-640.

Quinto.- INSCRICIÓNS E PRAZOS

O **prazo de inscrición** comeza o 11 de febreiro e rematará o día 25 de febreiro ás 13:00h horas. As inscricións (ANEXO I), xunto coa declaración responsable (ANEXO II), poderán presentarse no Rexistro do concello (en horario de 9:00h a 13:30h) ou a través da Sede Electrónica (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/info.0>). O modelo de inscrición estará dispoñible solicitándoo no correo omix@concellodecuntis.es, na páxina web do concello (www.concellodecuntis.org) ou na OMIX.

No caso de ser **asociación legalmente constituída**, a inscrición, previamente asinada, **unicamente** se poderá entregar a través da **Sede Electrónica** (<https://concellodecuntis.sedelectronica.gal/info.0>) e deberase aportar tamén a seguinte documentación: copia do CIF, nomeamento da Xunta Directiva, copia do DNI da persoa representante, declaración responsable (achégase modelo como ANEXO II).

Sexto.- PREMIOS

Os premios para as distintas categorías son:

CATEGORÍAS	1º	2º	3º	4º
COMPARSAS	600	500	400	300
GRUPOS	250	200	150	100
PARELLAS	110	80	65	50
INDIVIDUAIS	75	60	40	20

Debido á situación sanitaria, **non se celebrará o acto de entrega de premios** despois do desfile. A decisión do Xurado comunicárase ao público na páxina web e nas distintas redes sociais do Concello ao finalizar o desfile.



Concello de Cuntis

O importe do premio será entregado ás persoas gañadoras por medio de transferencia bancaria, previo envío do número de conta por parte destas.

(De acordo co establecido na Disposición Adicional 101.7 e da Disposición Adicional 31ª.3.d, polo que se aproba o Regulamento do I.R.P.F. será obxecto de retención do 19% do premio concedido cando exceda da cantidade de 300,00 €. Non obstante, as asociacións legalmente constituídas e con CIF propio no serán obxecto desta retención ao non ser persoas físicas.)

Sétimo.- XURADO

O Xurado estará formado polos seguintes membros:

- Dona Ana Isabel Loureiro Fuentes
- Don Manuel Martínez Sayáns
- Dona María Vázquez Cortizo

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer nas redes sociais e na páxina web do concello unha vez finalizado o desfile.

Oitavo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado terá en conta os seguintes criterios para emitir o seu veredito, sendo 1 a valoración máis baixa e 5 a máis alta:

MÚSICA E COREOGRAFÍA	1 - 2 - 3 - 4 - 5
DESEÑO	1 - 2 - 3 - 4 - 5
CONFECCIÓN	1 - 2 - 3 - 4 - 5
ORIXINALIDADE	1 - 2 - 3 - 4 - 5
ANIMACIÓN E SIMPATÍA	1 - 2 - 3 - 4 - 5

Noveno.- PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no taboeiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal (<https://concellodecuntis.sedelectronica.es/>), na páxina web www.concellodecuntis.org e nas redes sociais do Concello.

Así mesmo, as solicitudes e as presentes bases poderán descargarse na páxina web do Concello, recollerse no *Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído "Patelas"* (Rúa Xohán Xesús González, nº 10), solicitalas ao correo (omix@concellodecuntis) ou no número 687497591, en horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 h. a 14:00 h.

A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación



Concello de Cuntis

das presentes bases.

O Concello de Cuntis resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento do concurso.

***Para máis información: 986 53 36 00 / 687 497 591
omix@concellodecuntis.es - www.concellodecuntis.org***



Concello de Cuntis

ANEXO I **INSCRIPCIÓN**

NOME DA AGRUPACIÓN:C.I.F.

TÍTULO:

REPRESENTANTE: D/D^aD.N.I.

TELÉFONO: Correo-
e:

ENDEREZO: C.P.

LOCALIDADE:

Nº COMPOÑENTES: TIPO:

(1)

(nos casos en que se acompañe carroza especificar medidas: alto ancho)

MÚSICA:

(2)

COREOGRAFÍA: (3)

REPRESENTAN (4)

VESTIMENTA: (5)

OBSERVACIÓNS: (6)

NOTAS:

(1).- Comparsa, grupo, parella ou individual.

(2).- Gravada ou con instrumentos (especificar cantos e cales).

(3).- Explicar que se quere facer, no caso que se preparara.

(4).- Explicar o que representa o conxunto, no caso que así se prevexa.

(5).- Explicar os materiais que se usan e a súa confección.

(6).- Facer constar neste apartado todo aquilo que non se prevé na presente ficha e que se considere importante para poder apreciar mellor a aportación que se fai.

Coñezo e estou conforme coas Bases deste Concurso,

Cuntis, de de 2022.

Ado.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CUNTIS

AVISO LEGAL. Infórmase que os seus datos persoais serán incluídos nos seguintes ficheiros cuxo responsable é o Concello de Cuntis: Actividades de cultura e mocidade cuxa finalidade é a promoción, organización, desenvolvemento e seguimento de actividades de cultura, mocidade e dinamización do medio rural. Actividades deportivas e de tempo libre cuxa finalidade é a promoción, organización, desenvolvemento e seguimento de actividades deportivas e de tempo libre e dinamización do medio rural.

Se non autoriza que se inclúa a súa imaxe nas fotografías que se realicen durante a actividade programada e a súa posterior publicación nas páxinas web do Concello: www.concellodecuntis.org / www.facebook.com/omixc/ / www.instagram.com/omixcvntis / www.instagram.com/espazo_xove/ / www.facebook.com/escolamusicacun/ / www.facebook.com/escolaidiomascun/ / www.instagram.com/turismodecvntis/ / www.facebook.com/turismodecvntis.

Indíqueo cun X: _____

Poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación dirixíndose ao Concello de



Concello de Cuntis

Cuntis, Departamento de Cultura, Praza da Constitución, s/n, 36670 Cuntis, Pontevedra ou ao correo electrónico:
omix@concellodecuntis.es

ANEXO II **DECLARACIÓN XURADA**

D. _____ /D^a.: _____ Con
NIF: _____

Domicilio (completo) _____

En representación de _____ con CIF: _____ e Domicilio

(completo): _____

En relación coas Bases das Festas do Entroido do Concello de Cuntis para o ano 2022,

DECLARO RESPONSABLEMENTE: Que cumpro/que a miña representada cumpre cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non incorro en ningunha das causas legais de prohibición para obter a condición de beneficiario/a.

DECLARO RESPONSABLEMENTE: que estou/ que a miña representada se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Asinado:

D/Da.:

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE